



XUNTA DE GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ASOCIACIÓN GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ (AGAT), PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DUN SERVIZO SOCIAL COMUNITARIO ESPECÍFICO DE ATENCIÓN TEMPERÁ A NENOS E NENAS DE 0 A 6 ANOS CON TRASTORNOS DO DESENVOLVEMENTO OU EN RISCO DE PADECELOS E ÁS SÚAS FAMILIAS

En Santiago de Compostela, 16 MAI. 2017

REUNIDAS

Dunha parte:

D José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social, nomeado polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, (DOG nº 82, do 30 de abril de 1991).

Doutra parte:

Dona María Teresa Busto Domínguez, con DNI 78782370X, que actúa en nome e representación da Asociación Galega de Atención Temperá (en adiante AGAT), CIF G15611684, en virtude da súa condición de representante dela, e segundo dispoñen os seus estatutos.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto na Lei de contratos do sector público.



XUNTA DE GALICIA



II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social é o departamento da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e ao Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

IV. Que AGAT, entidade sen ánimo de lucro, ten como fins primordiais, recollidos nos seus estatutos, recoller as experiencias propias e alleas no campo da atención temperá, facilitar a reflexión e debate profesional, divulgar as novidades tecnolóxicas e metodolóxicas e achegar ás familias todos os coñecementos e medios para ofrecerlles aos nenos e nenas con déficits ou con risco de padecerlos, un conxunto de accións optimizadoras e compensadoras que faciliten a súa axeitada maduración en todos os ámbitos e que lles permita acadar o máximo nivel de desenvolvemento persoal e de integración social.

Para cumprir cos seus fins, esta entidade dispón, entre outros medios, de unidades destinadas a prestar atención temperá a nenos e nenas de 0 a 6 anos e atención ás súas familias como apoio ao proceso de desenvolvemento normalizado dos e das menores.

V. Que é do interese da Consellería de Política Social promover, a través da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, aquelas iniciativas desenvoltas polas entidades de iniciativa social orientadas a ofrecer asistencia, asesoramento e atención ás familias con nenos e nenas con trastornos no desenvolvemento e/ou risco de padecerlos, con idades comprendidas entre 0 e 6 anos, momento a partires do cal estes poden e deben ser incorporados e incorporadas á rede de recursos públicos, xa sexan de carácter educativo, sanitario ou social, en función das situacións individuais familiares que teñan,





XUNTA DE GALICIA

para cuxa incorporación contarán co apoio da rede galega de atención temperá e do equipo que viñera prestando a atención.

Esta intervención de atención temperá complementarase coa atención sectorial que os menores e as súas familias ou titores recibirán dese os ámbitos sanitario e educativo, provéndoos da necesaria coordinación interinstitucional e ao mesmo tempo dunha dimensión comunitaria, preventiva, integradora e multidisciplinar, así como implementar esta nos aspectos evolutivos, de promoción da autonomía, psicolóxicos e psicopedagóxicos.

VI. Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 36 a) e no artigo 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, a entidade AGAT aparece expresamente reflectida no estado de gastos dos orzamentos da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2017 como beneficiaria individualizada así como o obxecto subvencionado e a súa dotación orzamentaria.

As actuacións obxecto deste convenio, a súa adecuación ao ámbito das competencias da Consellería de Política Social, a atribución de competencias na Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social, sendo AGAT a única entidade especializada dentro da Comunidade Autónoma de Galicia no eido da atención temperá, dispoñendo da experiencia, capital humano e medios axeitados para desenvolver este programa de interese social.

Por todo o exposto as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para levar a cabo un programa de intervención en atención temperá destinado a nenos e nenas de 0 a 6 anos con trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecerlos e ás súas familias, con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS



XUNTA DE GALICIA

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento, por parte da Consellería de Política Social, dun programa de intervención en atención temperá destinado a nenos e nenas de 0 a 6 anos con trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecelos e ás súas familias.

O programa integra o conxunto de actuacións que se referencian na carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, establecida no Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, e desenvolveranse no marco do modelo de actuación que se contempla no Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá.

O programa desenvólvese nas Unidades de Desenvolvemento Infantil e Apoio Familiar de AGAT, que están localizadas nas comarcas do Deza, do Salnés e de Bergantiños, e inclúe apoio técnico e psicosocial ás familias das e dos menores usuarios, en concreto:

- Asistencia ás familias dende o seu contorno.
- Promoción temperá da autonomía persoal e prevención das situacións de dependencia.
- Creación de espazos de intercambio de información e autoaxuda na superación de dificultades.
- Orientación, asesoramento e apoio evolutivo, psicolóxico ou psicopedagóxico.
- Programación e realización de actividades compensadoras no contorno familiar.
- Apoio e asistencia técnica aos centros educativos e sociais da comunidade.
- Coordinación con outros recursos sociais do contorno.



XUNTA DE GALICIA

AGAT terá que cumprir os requisitos do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve.

No deseño e desenvolvemento dos programas e das actividades obxecto do presente convenio incorporárase de xeito transversal o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e terase en conta a perspectiva de xénero no seu deseño e execución.

SEGUNDA.- Relación laboral.

Para levar a cabo os obxectivos e fins deste convenio a entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento do presente convenio, o persoal que no seu caso precise para o desenvolvemento das actividades citadas.

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Política Social e as persoas que realicen as actividades obxecto del, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

TERCEIRA: Documentación

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actividades a desenvolver, a seguinte documentación:

- **Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións** solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- **Declaración responsable**, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de



XUNTA DE GALICIA

subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- **Declaración responsable** do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento algunha débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro.
- **Presentación dun método de imputación** de custos indirectos.

CUARTA.- Orzamento.

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social achegará **trescentos mil euros (300.000,00 €)**, que serán imputados á aplicación orzamentaria **12.04.312E.481.2** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

QUINTA.- Gastos imputables.

- a) Consideración xerais sobre os gastos subvencionables.

A determinación dos gastos subvencionables realizarase conforme o establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen nos prazos establecidos neste convenio.

Os gastos acreditaranse mediante factura e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

Así mesmo, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación, xustificado mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo beneficiario.



XUNTA DE GALICIA

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas características non exista no mercado suficiente numero de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade a solicitude da subvención.

En ningún caso o importe da subvención concedida poderá superar illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos o custo da actividade subvencionada.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e de rexistro e os gastos periciais para a realización do proxecto e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan indispensables para a adecuada preparación o execución da mesma.

AGAT encargarse de todos os gastos que orixine o desenvolvemento das actuacións obxecto do convenio recollidas na cláusula primeira.

b) Gastos subvencionables.

Considéranse gastos subvencionables:

- Os gastos de persoal (custos salariais e seguros sociais).

Establécese un límite de 42.000 euros anuais por traballador a xornada completa. No caso dunha prestación de servizos a tempo parcial, o calculo será proporcional ás horas traballadas.

- Os gastos correntes correspondentes á actividade subvencionada, podendo requirírselle á entidade un informe xustificativo dos consumos realizados, da relación co programa, da razoabilidade das cantidades consumidas e do seu custe.


- Os custos indirectos debidamente imputados á actividade subvencionada.

En ningún caso serán gastos subvencionables:



XUNTA DE GALICIA

- Os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.
- Os xuros.
- As adquisicións novas ou de segunda man de mobiliario, equipo, vehículos, infraestruturas, bens inmoables e terreos.
- Os xuros, recargos e sancións administrativas e penais.
- Os gastos de procedementos xudiciais.



SEXTA.- Forma de pagamento.


Son gastos subvencionables os que cumpren os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia. A estes efectos, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación previsto no último parágrafo da cláusula sétima.

Así mesmo, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados polo beneficiario. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín do provedor.

Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000,00 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria, nas seguintes condicións:

- Efectuarase, un pagamento de ata o 80% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.






XUNTA DE GALICIA

- O 20% restante farase efectivo unha vez rematadas todas as actividades do convenio, aportando a documentación prevista na cláusula sétima do convenio.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución da garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba a regulamento da Lei de subvencións de Galicia.



SÉTIMA.- Documentación xustificativa.

A presentación da **conta xustificativa** levarase a cabo unha vez rematadas todas as actividades do convenio, achegando a seguinte documentación, conforme ao previsto nos artigos 48 e 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvención de Galicia:


- a) Unha **memoria final das actuacións desenvolvidas** en execución deste convenio, con indicación das actividades realizadas, datas de inicio e finalización das mesmas, resultados obtidos e valoración cuantitativa e cualitativa dos mesmos, nº de persoas beneficiarias en cada actividade desagregadas por sexo e tramos de idade (de 0 a 3 anos e de 4 a 6), patoloxía, localidade, zona rural ou urbana e demais aspectos que se consideren relevantes.

Incluirá a avaliación e explicación do desenvolvemento do programa, con mención dos servizos realizados, metodoloxía aplicada, demanda atendida, recursos humanos utilizados e outros aspectos de interese.

Na realización de calquera das actuacións formativas deberá achegarse a documentación acreditativa da actividade realizada (convocatoria, sinaturas de asistentes, documentación entregada, etc.), así como unha memoria xustificativa da mesma.

- b) Unha **memoria económica xustificativa abreviada do custo das actividades realizadas**, que conterá:

- Unha relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a





XUNTA DE GALICIA

data de pagamento. No caso dos gastos realizados con medios ou recursos propios, indicaranse os criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación.

- Unha relación na que figuren os gastos derivados dos desprazamentos efectuados para levar a cabo os servizos que presta a entidade. En dita relación especificarase o nome e apelidos das persoas que se imputan ao convenio por este concepto así como os días en que se realizaron os desprazamentos obxecto da xustificación, , motivo da viaxe e lugar de reunión.

- Especificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas.

- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada obxecto deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia, xa sexa de entes públicos ou privados.

- Certificación acreditativa de se encontraren ao día nas súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, unicamente no suposto de que o solicitante denegase expresamente a autorización para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral de Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Estas certificacións acreditativas poden ser substituídas pola declaración responsable do beneficiario, de acordo co establecido no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia no suposto de gastos de importe superior a 18.000 euros pola prestación de servizos de consultoría ou asistencia técnica, deba ter solicitado o beneficiario.

- Se for o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

c) A revisión da parte da conta xustificativa integrada polas facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no



XUNTA DE GALICIA

apartado anterior e a documentación acreditativa do pagamento será efectuada por un **auditor de contas** inscrito como exercinte no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, designado pola entidade beneficiaria.

A este efectos, achegarase o **informe da revisión efectuada polo auditor de contas**, que se estenderá á totalidade da conta xustificativa e que, como mínimo, deberá deixar constancia dos seguintes extremos:

- Adecuación da natureza do gasto xustificado, tanto en relación ás actuacións subvencionadas en execución do convenio previstas na cláusula primeira, como en relación aos conceptos de gasto considerados como subvencionables especificados na cláusula quinta, con indicación daqueles gastos que non respondan a esta.
- Verificación da relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos citada no apartado b), conforme coincide coa documentación xustificativa destes e coa documentación acreditativa do seu pagamento, con indicación dos reparos correspondentes. Conforme ao previsto no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria da subvención deberá marcar cun selo ou sistema similar de marcado, os documentos orixinais xustificantes do gasto, indicando "Subvencionado pola Consellería de Política Social" e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención, indicando neste último caso a porcentaxe ou contía que se imputa.
- Indicación do importe, desagregado por partidas e global, correctamente xustificado, tanto en relación á xustificación do gasto como do seu pagamento, conforme ás previsións contidas nas cláusulas sexta e sétima deste convenio.
- Verificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas.
- Verificación do importe global percibido pola entidade como ingresos en concepto de subvencións, tanto de entes públicos como privados, e aplicado o financiamento das actuacións obxecto do convenio, e que este non supera o gasto total xustificado.



XUNTA DE GALICIA

A persoa beneficiaria da subvención estará obrigada a pór a disposición do auditor de contas cantos libros, rexistros e documentos lle sexan esixibles en aplicación do disposto no artigo 11.f) da Lei de subvencións de Galicia, así como a conservalos co obxecto das actuacións de comprobación e control previstas na lei.

O gasto derivado da revisión da conta xustificativa poderá ter a condición de gasto subvencionable.

En todo caso o prazo para a presentación da conta xustificativa da subvención deste convenio rematará o día 10 de decembro de 2017. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. Excepciónase desta previsión a presentación da documentación xustificativa do pagamento das nóminas, TC's da Seguridade Social e IRPF correspondentes ao cuarto trimestre, que se presentará mediante adenda ao informe da auditoría, na primeira quincena de febreiro de 2018.

Toda a documentación xustificativa deste convenio deberá ser asinada pola persoa con capacidade da entidade AGAT.

OITAVA.- Perda do dereito ao cobramento e reintegro.

O incumprimento total dos fins para os cales se concedeu a axuda dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, de ser o caso, ao reintegro da totalidade da axuda concedida.

O incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, de ser o caso, na porcentaxe correspondente ao gasto non efectuado ou o non xustificado.

A tramitación do expediente de reintegro realizarase de acordo co procedemento establecido no capítulo II do título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

NOVENA.- Obrigas do beneficiario.



XUNTA DE GALICIA

En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, son obrigas da entidade beneficiaria:

- a) Cumprir o obxectivo do programa e realizar as actividades a que se refire o presente convenio.
- b) Xustificar ante o órgano concedinte o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade do presente convenio.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedinte así como a calquera outra actuación de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios.
- d) Comunicarlle ó órgano que concede a subvención, antes da xustificación, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades obxecto do convenio, así como a modificación das circunstancias que fundamenten a concesión do mesmo.
- e) Acreditar que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a seguridade social e que non está pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da comunidade autónoma.
- f) Dispoñer de libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados, nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto de actuacións de comprobación e control.
- h) Adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 15.3 da Lei de subvencións, facendo constar en todo tipo de publicidade e información que realice ao respecto a colaboración da Xunta de Galicia, en especial os logotipos do correspondente departamento.
- i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei de subvencións.
- j) Así mesmo, de acordo co artigo 14.k) da citada lei, facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade



XUNTA DE GALICIA

Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Asemade deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno.

DÉCIMA: Incumprimentos, reintegros e sancións.

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Incumprimento parcial: sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade poderá apreciar un incumprimento e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da axuda subvencionable do obxecto do convenio, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.



XUNTA DE GALICIA

Á entidade beneficiaria da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Título VI do seu regulamento.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Vixencia.

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2017.

Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realízase AGAT dende o 1 de xaneiro de 2017, tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

DÉCIMO SEGUNDA.- Publicidade

De conformidade co disposto na Lei 1/2016 e na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e coa autorización expresa da entidade beneficiaria, a Consellería de Política Social remitirá os datos necesarios para a súa inclusión e publicidade nos rexistros públicos de axudas. Así mesmo comunicará na súa páxina web oficial os seguintes datos básicos: identificación das partes, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificación recollidas no presente instrumento de colaboración o Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.




XUNTA DE GALICIA

DÉCIMO TERCEIRA: Protección de datos

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a normativa de desenvolvemento. Os datos persoais recollidos na tramitación deste convenio, cuxo tratamento e publicación autorice a persoa beneficiaria, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades» creado pola Orde do 15 de decembro de 2011, pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes nesta consellería.

O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico ao seguinte enderezo: sxt.politicassocial@xunta.gal




DÉCIMO CUARTA.- Comisión de seguimento.

Para o seguimento da súa execución ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos deste que poidan xurdir, constituirase unha comisión mixta de seguimento, que estará integrada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e dúas persoas representantes de AGAT.

Esta comisión, a presidencia da cal a ostentará unha das persoas representantes da administración, reunirse cando así o solicite algunha das partes.

DÉCIMO QUINTA.- Compatibilidade.

Esta axuda será compatible con outras axudas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais,





XUNTA DE GALICIA

sempre que a acumulación de axudas non supere o custo total da actividade subvencionada e se respecten as condicións establecidas en cada réxime de axudas na normativa nacional e comunitaria aplicable.

DÉCIMO SEXTA.- Causas de resolución.

Son causas de resolución do presente convenio e procederá, se é o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e os xuros de mora devengados dende o momento do seu pagamento, as seguintes:

1. Incumprimento da finalidade do presente convenio.
2. Mutuo acordo das partes.
3. A denuncia das partes, previo aviso, cunha antelación mínima dun mes.

DÉCIMO SÉTIMA.- Modificación do convenio.



O convenio poderá ser obxecto de modificación cando esta teña por finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou, no caso de que este convenio teña carácter plurianual, a ampliación do seu prazo de execución.

DÉCIMO OITAVA.- Réxime xurídico.

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, aplicándosele os principios do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentarse, segundo o disposto no artigo 4.2 da dita lei; no disposto na lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución, serán resoltas pola Consellería de política social poñendo os seus





XUNTA DE GALICIA

acordos fin á vía administrativa. Cabe contra elas recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes dende a notificación ante o mesmo órgano que ditou a resolución, se o acto fora expreso, e no prazo de tres meses, se o acto fora presunto, e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, segundo o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación do acto que poña fin a vía administrativa, se fose expreso. Se no o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes en triplicado exemplar no lugar e data expresado.

O conselleiro de Política Social

José Manuel Rey Varela

A presidente da Asociación Galega de Atención Temperá

María Teresa Busto Domínguez